

CHELO RODRIGUEZ, TINO CANICOBA

“Eu creo que ún mira os cadros coa esperanza de descubrir **un segredo**. Non un segredo sobre a arte, **senón sobre a vida**. E si o descubres, seguirá sendo un segredo, porque despois de todo, **non se pode traducir a palabras**. Coas palabras o único que se pode facer é **trazar a man, un tosco mapa para chegar ao segredo**”
John Berguer.

Me preocupa a **mirada do espectador sobre a obra**. Ese dialogo entre obra e aquel que moi atento se para a contemplala.

A arte en esencia é unha forma de mirar distinta.

Quen primeiro mira é o artista.

Me toca falar de dous importantes artistas. E digo importantes porque poñen todo o seu empeño no que fan e o resultado é **auténtico**. Consiguen o que buscan.

Chelo Rodríguez é unha artista natural de Porriño, formada con dous grandes mestres , nada menos que cos artistas Antonio Fernández e Nito Pereiro.

Logo desta aprendizaxe conquerei dende fai moitos anos unha **identidade plástica personalísima e orixinal**.

Os cadros de Chelo se recoñecen estén onde estén.

Non vou falar das múltiples mostras nas que participou.

Estamos agora nunha **representativa e importante**. Non esquezamos que este espacio é un dos mellores de Galicia e dos mais visitados.

Falarei da sua **SENSIBILIDADE**.

A arte é algo que nos emociona ou nos deixa indiferentes.

Nós escollemos sempre.

Nos gusta ou non nos gusta.

Chelo nos aporta unhas obras **cheas de oficio** e de **SENSIBILIDADE**, e **de exquisitez e de esa elegancia que nos chegan moi adentro**. Nos emociona, que é do que se trata.

E nos emociona porque parte do mais intimo.

Chelo se volca intensamente en cada obra. Chelo e tamén para os que a coñecemos unha fonte de **ALEGRIA CONSTANTE**.

Esa alegría persoal sabe traducila nos seus cadros.

E os seus cadros sexan “recunchos” ou “xogos”, sexan calquer motivo que escolla SON ALEGRES. Emiten ledicia e eso é moi importante nestes días duros nos que vivimos actualmente.

E non sempre ocorre así. Acabo de visitar un museo de arte contemporáneo e a maioría das obras deixáronme frío. Non me emocionaron. E non porque non entenda de arte contemporáneo. Chelo nos aporta **unhas cores fortes, e unhas composicións equilibradas.**

Necesitamos nestes tempos grises e tristes de contemplar as obras de Chelo. Alegres e armoniosas. **Sinxelas como é a vida.**

Forza creativa. Vitalidade.

Comenzaba falando de APRENDER A MIRAR.

O artista nos proporciona que miremos dende outra perspectiva.

Chelo define a dimensión do PRACER DE MIRAR e a **sensual comunicación das delicias mundanas.** Fai das cousas sinxelas, **auténticas metáforas da beleza.**

Nestas “reflexións” título da mostra, podemos ollar as obras en dúas ou en tres dimensións.

Penso que é un acerto que Chelo Rodríguez confronte a súa obra con outro creador distinto e complementario: TINO CANICOBA.

Coinciden na forza creativa. No dominio técnico. Na coherencia dun proxecto artístico que tamén nos chega moi adentro.

E Tino se arrisca cun tema difícil, **o corpo humano.** E o resolve con soltura.

Falaba antes da MIRADA. A súa escultura nos invita a movernos ao seu redor o que concita que o noso artista esté atento a **resolver a obra dende múltiples puntos de vista.**

Tino nos propón unhas **obras que van mais alá do expresionismo** que tanto motivou aos escultores galegos de todos os tempos. Expresividade de persoaxes cheos de ironía e de xestos. **Xestos potenciados polas texturas e polos distintos materiais. Madeira, pedra, bronce.** Cada materia coas súas características coa súa plásticidade serpenteante e cun sentido pictórico que arroupa e modela o material. Tamén nas súas obras debemos prestar atención. Os invito a **vir outro día sen tanta xente para sentir, e deixarnos emocionar.**

Todo é interdependente. E mirar significa someter o sentido da vista a esta interdependencia. **Non mirar buscando algo.**

Mirar é recoñecer, introducirmos nun mundo creativo realizado polo artista con moito oficio.

Mirar para Tino é unha forma de coñecimento. E para eso temos que darlle tempo.

Dar unha volta arredor das esculturas de Tino pacientemete.

Estamos nuha época dominada polo stress. **A arte, a pintura a escultura de estos dous artistas neste caso e unha forma de meditación de cargar as pilas e de loitar contra o stress diario.**

O tempo é como un chicle se pode estirar.

Reitero que veñades outro día a disfrutar do **flow**, do fluir, do “**momento branco**” de Chelo e Tino

Aprender a mirar con **ALEGRIA E ACOUGO.**

Moitas grazas